



# FunCAP

Un xeito divertido de promover a **PAC**  
entre as novas xeracións



# Resultados do proxecto




## Introdución

FunCAP é un proxecto dun ano de duración (agosto 2021-xullo 2022) coordinado pola Fundación Juana de Vega. No marco deste proxecto traballamos con máis de 500 mozos e mozas de entre 15 e 18 anos e os seus profesores para presentar de xeito lúdico a importancia da Política Agrícola Común (PAC) no orzamento europeo e a súa contribución á soberanía alimentaria e á sostibilidade.

Para iso, creamos un xogo de mesa que logo empregamos como ferramenta pedagóxica en 15 escolas de Galicia e de Portugal.



# Escuelas Participantes



## Galicia

- 1 IES de Ortigueira
- 2 EFA Fonteboa
- 3 IES Arzúa
- 4 IES Arcebispo Xelmírez II
- 5 Centro de formación e experimentación agroforestal de Sergude
- 6 Centro de formación e experimentación agroforestal de Becerreá
- 7 Centro de formación e experimentación agroforestal de Lourizán

## Portugal

- 8 Escola Profissional de Agricultura e Desenvolvemento Rural de Ponte de Lima
- 9 Escola Secundária de Monserrate
- 10 ETAP - Escola Profissional
- 11 Escola Profissional de Agricultura e Desenvolvemento rural de Marco de Canaveses
- 12 Escola Profissional Agrícola Conde de São Bento
- 13 Escola Profissional Agrícola Eng. Silva Nunes
- 14 Escola Profissional do Alto Douro
- 15 Escola Profissional de Agricultura e Desenvolvemento Rural de Vagos

## O xogo: Os Soutos do Norte

O xogo, deseñado polo obradoiro de xogos de mesa Brazolinda, foi presentado a finais de marzo 2022. Trátase dun xogo de cartas no que cada xogador inicia a partida con un souto e a partir de aí debe ir construíndo unha explotación agro-gandeira. Non é un xogo competitivo, polo que non se trata de gañar ou perder, senón de que cada participante deseñe a súa propia estratexia para xestionar a súa explotación. É a través da experiencia de xogo que se achegan os principios e obxectivos que a PAC promove (rendementos xustos para os produtores, conservación do medio e promoción do desenvolvemento en zonas rurais, entre outros).



# Actividades nas escolas

**1. Fase de preparación (decembro 2021 a febreiro 2022):** puxéronse a disposición dos centros participantes unha serie de recursos para que profesorado e alumnado puidesen preparar os contidos nos que se ía profundar durante a fase de xogo. Estes recursos inclúen:

- A “A PAC polo miúdo”:** 24 artigos sobre distintos aspectos da PAC elaborados por medios especializados colaboradores do proxecto (Campo Galego e Voz do Campo).
- B “Desmontando fake news”:** 5 micro vídeos desmentindo ou aclarando algunhas das ideas erróneas máis comúns sobre a PAC.
- C “Toolkit para o profesorado”:** recompilación de recursos e ferramentas para o profesorado participante nas actividades do proxecto FunCAP.

**2. Fase de xogo (marzo 2022 a xuño 2022):** inicio das sesións de xogo nas 15 escolas. Nesta fase os participantes aprenderon a xogar e fíxose unha primeira reflexión conxunta sobre os obxectivos da PAC.

**3. Fase posterior (xuño 2022):** organizouse un evento final con estudantes e profesorado dos centros participantes. Tamén se convidaron representantes dos agricultores e gandeiros, das autoridades e outros expertos relevantes. Este evento ofreceu a oportunidade de intercambiar experiencias e reflexionar conxuntamente.

## Actividades complementarias

**Seminarios online sobre a nova PAC:** para chegar a un público máis amplo, organizáronse dous seminarios online (webinars) sobre a nova PAC e as oportunidades e desafíos que presenta para Galicia e para Portugal. En total, participaron máis de 150 persoas, incluíndo agricultores e gandeiros, asesores e grupos de desenvolvemento rural, entre outros.

**Xogos dixitais:** a partir do xogo de cartas creado para o proxecto FunCAP, o alumnado do IES Ortigueira desenvolveu unha serie de xogos en versión dixital que están dispoñibles na [web do proxecto](#).



## O proxecto en cifras:



**15**  
15 escolas



**24**

**artigos** sobre a **PAC**  
publicados en prensa  
especializada



**2** **seminarios online**  
con máis de 150  
participantes



**+500**  
estudantes



**1** **toolkit**  
para o  
profesorado



**5** **micro-vídeos**  
desmentindo  
fake news



**Máis información**  
[www.funcaproject.eu](http://www.funcaproject.eu)





# FunCAP

Un xeito divertido de promover a PAC entre as novas xeracións



**Financiado polo programa IMCAP da Unión Europea.** O contido do presente folleto representa unicamente as opinións do autor e é responsabilidade exclusiva deste. A Comisión Europea non asume ningunha responsabilidade polo uso que se poida facer da información contida neste material.

  
Fundación  
Juana de Vega

150 ANIVERSARIO  
1872 - 2022  
*Juana de Vega*

